

# Proxecto Trisquel

## Carta aberta á comunidade

*Rubén Rodríguez Pérez*

Pola presente, e co obxectivo de ter por escrito os principios éticos ós que o proxecto Trisquel adscribiuse dende o seu inicio, o equipo de desenvolvemento de Trisquel GNU/Linux comprométese a non distribuír nin recomendar software privativo de ningunha clase, para o que se fará un esforzo constante de revisión dos contidos dos repositorios, documentación e foros. Así mesmo, instarase os usuarios a empregar solucións libres exclusivamente. Empregaranse coma filtro as recomendacións da *Free Software Foundation* e as *Debian Free Software Guidelines*, tanto para software coma para documentación e outros contidos artísticos ou culturais. Pedimos tamén a calquera que atope unha omisión no cumprimento destas normas que nolo indique para solventar o erro coa máxima prontitude.

Para lograr estes obxectivos, coma director do proxecto comprométome firmemente a facer valer os ideais expostos. No caso de cambios na estrutura organizativa do proxecto, os dereitos de explotación do mesmo só serán transferidos a outras persoas físicas ou xurídicas se estas se comprometen a facer valer os mesmos ideais.

En Ourense, martes 9 de Decembro de 2008.

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Rubén RP', with a large, sweeping underline.

Firmado: Rubén Rodríguez Pérez, Director do proxecto